



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE NOVEMBRO DE 2013

LICENZAS

LIC/9/2009.- ANXO REY IGLESIAS.- Conceder cambio de titularidade da licenza de obras concedida por acordo da Xunta Goberno Local do 26 de marzo de 2012, para construción dunha vivenda unifamiliar en Rúa Coto da Nai, a prol de M^a DEL PILAR AMBRUÑEIRAS PÉREZ e MIGUEL ANGEL LÓPEZ ALVAREZ.

LIC/1720/2012.- ESPERANZA FIGUEIRAS CASTRO.- Conceder licenza para acondicionamento de fachada de edificio en Rúa Concheiros, 5.

LIC/637/2013.- IGNACIO CEREIJO PAZOS.- Conceder licenza para construción de vivenda unifamiliar en Lg. Torre da Enfesta. Plg.511 – Parc. 1313.

LIC/1487/2013.- HOTEL GARCAS, S.L.- Conceder licenza para execución de obras na cuberta do inmoible en Lg. Noval, 2.

PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS

LIC/308/2009.- ANTONIO FERREIRO MARTINEZ.- Conceder licenza para parcelación en Lg.Cesar-Garciela, Finca 768-2.

LIC/717/2013.- MANUEL MARTINEZ FILGUEIRA.- Conceder licenza para parcelación en Lg. Requesende-Sabugueira, 1. Polígono 519-Parcela 487.

LIC/835/2013.- DOLORES CASTRO PIÑEIRO.- Conceder licenza de segregación en Lg. San Miguel dos Agros.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/1527/2013.-ANA BELÉN PICÓN MARTINEZ..... LIC/2699/2010 2.500 €

LIC/1535/2013.-INMOBILIARIA PEPE NOYA E HIJOS, S.L. LIC/833/2008 1.500 €

4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e sostible relativa á aprobación inicial da axuda para vivendas da área de rehabilitación de Casco Histórico, incluídas na 13ª fase do convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello, con cargo á anualidade 2015.

Apróbanse inicialmente axudas para 26 vivendas da área de rehabilitación de Casco Histórico.

Esta proposta achega un total de 208.918,47 euros á aplicación orzamentaria de gasto 2013-2-rehab-13, cuxa financiación se distribúe en dous: o Ministerio de Fomento co importe de 137.886,18 euros e o IGVS con 71.032,29 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial da axuda para vivendas da área de rehabilitación integral de Vista Alegre, incluídas na 6ª fase do convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago, con cargo á anualidade 2015.

Apróbanse inicialmente as axudas para 25 vivendas da área de rehabilitación integral de Vista Alegre. Esta proposta achega un total de 199.877,19 euros á aplicación orzamentaria de gasto 2013-2-VISAL-6, cuxa financiación se distribúe en dous: Ministerio de Fomento co importe de 99.938,60 euros e o IGVS con 99.938,59 euros.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade relativa á aprobación da liquidación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa "HERMANOS FERRÍN, S.L." correspondente ao ano 2012.

O servizo da liña urbana entre Santiago de Compostela (Porta do Camiño) e Villestro realízao desde o 1 de xaneiro de 2006 a empresa "Hermanos Ferrín, S.L.", en virtude do contrato asinado co Concello. Co obxecto de aprobar a liquidación do ano 2012 correspondente á diferenza entre os custos e ingresos que se contempla no prego de condicións que rexe o contrato, apróbase:

1. Fixar o prezo do quilómetro percorrido para o ano 2012 en 1,906123 €/km.
2. Fixar en 52.548 os quilómetros percorridos durante o ano 2012.
3. Aprobar a liquidación do ano 2012 para a devandita empresa por importe de 80.690,68 euros.

7.- Prórroga do contrato de Aluguer de local para uso sociocultural no barrio de Casas Novas.

Trátase do aluguer do local sito na rúa do Empedrado nº 7 baixo e que é utilizado polo Concello como CSC no barrio de Casas Novas. Informado positivamente tanto polos técnicos do departamento de Centros Socioculturais como polo xefe de sección de Contratación, acórdase prorrogar o contrato de aluguer do local de referencia a contar desde o 20 de xaneiro de 2014 ata o 19 de xaneiro de 2015. O importe é de 6.171,00 euros, desglosado en dúas anualidades: 2014.- 5.845,31 euros/ 2015.- 325,69 euros (a mesma cantidade xa que o arrendador e o Concello pactan non proceder á revisión do IPC).

8.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión de instalacións deportivas á Agrupación de Deportistas Veteranos. Tempada 2013/14.

O presidente da Agrupación de Deportistas Veteranos de Santiago solicita mediante escrito remitido á concellaría de Deportes, o uso de pavillóns municipais para poder desenvolver unha nova tempada de fútbol sala en idade escolar nas súas diferentes categorías tanto nos torneos de copa como de liga. Concédesele á citada entidade a utilización de diferentes pavillóns para celebrar as competicións que desenvolvan, previa programación de horarios que determinará o Departamento de Deportes.

9.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais para dar conta da sinatura de diversos convenios.

Son un total de 24 entidades.

1. Asociación Galega para a axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer (AGADEA).- 3.000 euros.
2. Asociación Fonte da Virxe de familiares e amigos dos enfermos mentais.- 3.500 euros.
3. Asociación Galega de Lupus AGAL.- 2.000 euros.
4. Asociación de país de persoas con trastornos do espectro autista da provincia da Coruña (ASPANAES).- 3.000 euros.
5. Asociación Síndrome de Down Compostela.- 6.400 euros.
6. Centro Cultural Social Xoán XXIII – Albergue.- 40.000 euros.
7. Asociación de persoas xordas de Santiago de Compostela.- 7.300 euros.
8. Fundación Andrea.- 3.000 euros.
9. Asociación de país de persoas con discapacidade intelectual (ASPAS).- 4.600 euros.
10. USC- Programa Ruptura de Parella.- 51.000 euros.
11. Asociación Compostelana de Esclerose Múltiple (ACEM).- 3.700 euros.
12. Fundación Secretariado Xitano.- 20.000 euros.
13. Cociña Económica de Santiago.- 42.000 euros.
14. Voluntarias da Caridade San Vicente de Paul.- 4.600 euros.
15. Cáritas Diocesana de Santiago – Programa Atención Primaria.- 70.000 euros.
16. Cruz Roja.- 22.000 euros.
17. Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos mentais de Galicia (FEAFES GALICIA).- 2.700 euros.
18. Asociación de dano cerebral Compostela (SARELA).- 2.000 euros.
19. Banco de Alimentos Rías Altas.- 12.000 euros.
20. Asociación “Itinera” de voluntarios en saúde mental.- 2.000 euros.
21. Centro Cultural Social Xoán XXIII – Programa Xuntos Podemos.- 3.000 euros.
22. Fundación Monte do Gozo – Proxecto Home.- 42.000 euros.
23. Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural Don Bosco.- 3.000 euros.
24. Cáritas Diocesana de Santiago – Programa Vagalume.- 34.000 euros.

10.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Educación, Muller e Igualdade, Benestar social e Maiores para dar conta de resolución da Deputación Provincial da Coruña pola que se resolve aboar o 50% do importe da subvención para o programa Social-Mente.

Trátase do aboamento do anticipo prepagable da subvención dirixida aos concellos e outras entidades locais interesadas na realización de proxectos de envellecemento activo para persoas maiores ano 2013 publicada no BOP nº 239 de data 17 de decembro 2012. O importe da subvención é de 3.000 euros e o importe a aboar é o 50% do mesmo, 1.500 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Educación, Muller e Igualdade, Benestar social e Maiores para dar conta de resolución da Deputación Provincial da Coruña pola que se resolve aboar o 50% do importe da subvención de dinamización para a participación e inserción social.

Trátase do aboamento do anticipo prepagable da subvención dirixida aos concellos e outras entidades locais da provincia Servizos Sociais ano 2013 publicada no BOP nº 239 de data 17 de decembro 2012. O importe da subvención é de 44.280 euros e o importe a aboar é o 50% do mesmo, 22.140 euros.

12.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e do director dos Centros Socioculturais, Participación Cidadá e Xuventude, para dar conta do aboamento do segundo prazo da subvención concedida para mobiliario e equipamento para o centro sociocultural de Santa Marta 2012.

Mediante escrito remitido ao Concello de Santiago, a Deputación de A Coruña pon en coñecemento desta administración que se da por xustificado o anticipo prepagable do segundo prazo da citada subvención. O importe da subvención era de 16.750,50 euros e o importe que se aboa é de 10.049,80 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais para dar conta da concesión dunha subvención para o desenvolvemento de programas de fomento da conciliación e de apoio aos centros de información ás mulleres, así como á anulación de retención de crédito.

Dáse conta da concesión dunha subvención da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza por importe de 56.000 euros para o desenvolvemento de:

- Programas de fomento da conciliación .- 12.000 euros.
- Apoio aos centros de información ás mulleres.- 44.000 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta da resolución da Deputación Provincial da Coruña relativa ao abono do 50% da subvención concedida para a Escola Municipal de Música.

Trátase do aboamento do anticipo prepagable da subvención para actividades culturais, para infraestruturas e equipamentos, para conservatorios e escolas de música e para animadores culturais ano 2013 publicada no BOP nº 239 de data 17 de decembro 2012. O importe da subvención é de 9.825,54 euros e o importe a aboar é o 50% do mesmo, 4.912,77 euros.

15.- Proposta da alcaldía para dar conta da sinatura de convenios reguladores das correspondentes subvenciones nominativas para o ámbito cultural do ano 2013.

Dáse conta dos seguintes convenios de colaboración:

- Coa Agrupación Cultural O Galo, para o desenvolvemento do programa de actividades de carácter anual . A aportación económica do Concello a estas actividades é de 2.500 euros.
- Co Padroado da Casa da Troia, para a promoción cultural e turística. A aportación do Concello é de 3.600 euros.
- Coa Asociación Cultural Cidade Vella, para o impulso da realización de actividades culturais que contribúan a dinamizar a cidade histórica de Santiago. O Concello colaborará coa cantidade de 9.180 euros.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira de Servizos Sociais relativa á concesión de diversas axudas de carácter social.

2.- Proposta do concelleiro de Deportes relativa á resolución da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado do ano 2013.

3.- Proposta da concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de traslado da caseta da antiga oficina de turismo sita na praza de Galicia.

4.- Dáse conta dunha subvención da Consellería de Traballo e Benestar para o fomento do emprego e a contratación de desempregados. Contrátanse sete persoas.

5.- Solicítase unha subvención á Consellería de Traballo e Benestar para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local por importe de 28.094 euros.

6.- apróbase inicio do expediente da contratación do servizo de reparación adaptación á normativa vixente das áreas de xogos infantís e circuitos biosaudables cun tipo de licitación de 103.000 euros e un prazo de execución de 3 meses.